

Concello	Código centro	Centro	Réxime	Código ciclo	Ciclo
Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	Ordinario	CS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Adultos	DS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Adultos	DM11003	Servizos de restaurante e bar

Engadir ao anexo, na provincia de Pontevedra, a seguinte oferta:

Concello	Código centro	Centro	Réxime	Código ciclo	Ciclo
Tomíño	36019751	IES de Tomíño	Ordinario	CM09001	Equipamentos electrónicos de consumo
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Ordinario	CS06001	Comercio internacional

*Corrección de erros.-Orde do 8 de novembro de 2006 pola que se autoriza a posta en funcionamento de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia.*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 221, do xoves 16 de novembro de 2006, cómpre efectuar as seguintes correccións:

-Na páxina 16.827 e 16.828, onde di: «mestrado», debe dicir: «máster».

-Na páxina 16.828, onde di:

#### ANEXO IV

##### Programas interuniversitarios

Programa oficial de posgrao	Títulos	Universidade coordinadora	Universidades participantes
Dirección e Planificación do Turismo	Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo	USC UDC UVI	USC UDC UVI

Debe dicir:

#### ANEXO IV

##### Programas interuniversitarios

Programa oficial de posgrao	Títulos	Universidade coordinadora	Universidades participantes
Dirección e Planificación do Turismo	Máster en Dirección e Planificación do Turismo	UVI	USC UDC UVI

*Corrección de erros.-Orde do 30 de novembro de 2006 pola que se autoriza o cambio de denominación do instituto de educación secundaria de Salceda de Caselas, na provincia de Pontevedra.*

Advertido un erro no título da Orde do 30 de novembro de 2006, publicada no DOG nº 226, do

xoves, 23 de novembro de 2006, é necesario facer a oportuna corrección:

Na páxina 17.284, onde di: «Orde do 30 de novembro de 2006», debe dicir: «Orde do 30 de outubro de 2006».

#### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 28 de novembro de 2006 pola que se regula a concesión de axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos causados polas inundacións producidas no mes de outubro do ano en curso.*

No *Diario Oficial de Galicia* nº 205, do 24 de outubro de 2006 publicouse o Decreto 180/2006, do 19 de outubro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas no mes de outubro en Galicia, modificado polo Decreto 188/2006, do 26 de outubro (DOG nº 211, do 2 de novembro)

No artigo 9 do devandito decreto establécese que serán obxecto de axuda os danos directos provocados nos establecementos comerciais, mercantís, industriais ou turísticos como consecuencia das inundacións, nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías nelas depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

Por outra banda, o artigo 1.2º do mesmo decreto sinala que os termos municipais e núcleos de poboación afectados aos que concretamente sexan de aplicación estas axudas fixaranse nos instrumentos de desenvolvemento do presente decreto.